



As conselleiras de Sanidade e de Trabajo e Benestar fan un diagnóstico da situación da cronicidade en Galicia

- ▶ O obxectivo é acadar mellores resultados clínicos, modernizar o modelo de atención, facilitar a adherencia aos tratamentos, fomentar o autocoidado dos pacientes e mellorar a calidade de vida.



Feijóo avanza unha axuda de entre 4.000 e 6.000 euros para os autónomos que contraten o seu primeiro traballador e entre 5.000 e 7.000 euros para a contratación do segundo e do terceiro empregado

- ▶ Afirmar que a loita contra o paro segue sendo unha das prioridades da Xunta e subliñou que o Goberno galego seguirá traballando por manter unha comunidade solvente e incluso por mellorar os servizos públicos

Os beneficiarios da RISGA aumentaron nun 24 por cento en 2012, ata chegar aos 6.718 usuarios activos a finais do ano

- ▶ Nos orzamentos de 2013, a partida da RISGA medra nun 38 por cento ata os 32,7 millóns, e a das AES nun 50 por cento ata os 4,5 millóns.

Trabajo e a CEG impulsan o novo contrato de formación co fin de loitar contra o paro xuvenil entre os menores de 30 anos

- ▶ A iniciativa consiste en proporcionar aos beneficiarios un contrato nunha empresa, que estará asociado a unha actividade formativa
- ▶ A formación, que será financiada pola Consellería de Trabajo e Benestar, será totalmente certificable e recoñecida a nivel estatal.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de febreiro un total de 292.823 persoas desempregadas

Sumario	Traballo e economía social	2-4	Xuventude e voluntariado	13
	Formación e emprego	5-7	Publicacións	14-15
	Informe do paro rexistrado	7	Normativa	16-19
	Política social	8-12	Estrutura	20

Créditos	Edita: Consellería de Trabajo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
	ISSN: 2254-7835

Traballo e economía social

Feijóo avanza unha axuda de entre 4.000 e 6.000 euros para os autónomos que contraten ao seu primeiro traballador e entre 5.000 e 7.000 euros para a contratación do segundo e do terceiro empregado

- ▶ Lembra que nos primeiros 70 días a Xunta presentou os orzamentos, garantiu a solvencia da comunidade, achegou 8 millóns para innovación, se mobilizaron 60 millóns máis no sector naval, o prezo do leite se incrementou un 10% e se pactaron medidas en materia de desemprego como 14.000 cursos para formación e contrato de aprendizaxe cos axentes sociais
- ▶ Destaca que Galicia é a segunda comunidade onde menos creceu o paro nos últimos catro anos
- ▶ Sobre o naval, asegura que o Goberno galego non vai cambiar o seu enfoque: "Non hai outra posibilidade que carga de traballo ou carga de traballo"
- ▶ Resalta unha nova Lei da renda de integración social de Galicia, facendo tramos en función das necesidades e compatibilizando o emprego coa RISGA; e a creación de 5.000 novas prazas de Benestar.

Santiago, 13 de febreiro de 2013.- O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, avanzou, durante a sesión de control no Parlamento, que o Goberno galego cumprirá o seu compromiso electoral de axudar a que os autónomos contraten ata o seu terceiro empregado. E, deste xeito, precisou unha axuda

de entre 4.000 e 6.000 euros para os autónomos que contraten o seu primeiro traballador e entre 5.000 e 7.000 euros para a contratación do segundo e do terceiro empregado.

Durante a súa intervención, Feijóo afirmou que a loita contra o paro segue sendo unha das prioridades da Xunta e

subliñou que o Goberno galego seguirá traballando por manter unha comunidade solvente e incluso por mellorar os servizos públicos, a pesar da crise económica.

Neste sentido, recordou que nos primeiros 70 días: "Este Goberno presentou os orzamentos da comunidade en 17 días hábiles desde que tomou posesión; ningún Goberno de España foi capaz de presentar as súas contas no primeiro mes no que tomou posesión. Garantimos o endebedamento da comunidade aos catro días de que o Consello de Ministros autorizase o endebedamento, é dicir, garantimos a solvencia da comunidade. Achegamos 8 millóns de euros máis aos nosos compromisos coa innovación. Puxemos á disposición diñeiro suficiente para mobilizar 60

millóns de euros máis no sector naval. Chegamos a un acordo no sector lácteo e o prezo do leite incrementouse nos últimos meses un 10%. E estamos pactando medidas en materia de desemprego como, por exemplo, 14.000 cursos para formación de parados e contrato de aprendizaxe cos axentes sociais".

Diante destas medidas, Feijóo subliñou que, en relación ao paro interanual, de xaneiro do ano 12 a xaneiro do ano 13, Galicia é a cuarta comunidade autónoma onde menos creceu o paro. "Somos -dixo- a segunda comunidade onde menos creceu o paro nos últimos catro anos e, en referencia á Enquisa de poboación activa, seguimos con cinco puntos por debaixo da media de España".

Unha nova Lei da renda de integración social de Galicia

No eido social, Feijóo recordou que na pasada lexislatura se crearon 6.000 prazas de Benestar; "e imos crear outras 5.000", adiantou, logo de precisar que en Galicia hai o cuádruplo de dependentes atendidos en plena crise económica que en época de bonanza, durante o bipartito. "Estamos facendo e ampliando hospitais públicos e diminuímos as listas de espera", insistiu.

Consciente dos problemas que están a sufrir os máis débiles, Feijóo destacou que a Xunta incrementou o orzamento da RISGA nun 38% e nun 29% os seus compromisos coa emerxencia social. "E imos traer á Cámara unha nova Lei da renda de integración social de Galicia, facendo tramos en función das necesidades e compatibilizando o emprego coa RISGA".



O presidente da Xunta na súa comparecencia no Pleno da Cámara



Mato réunese coa Federación de Autónomos de Galicia, un sector que recibirá este ano 25 millóns de euros en axudas

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recibiu en Santiago o presidente de Feaga, Francisco Javier Pérez Bello
- ▶ A titular de Traballo mostrou o seu apoio a este sector e destacou que o orzamento a autónomos e emprendedores crecerá en 2013 un 1 por cento
- ▶ O Consello Galego do Traballo Autónomo constituirase neste trimestre
- ▶ Esta ferramenta permitirá á Xunta coñecer de primeira man as inquiredanzas, opinións e suxestións das asociacións profesionais que representan a gran maioría do traballadores autónomos.

Santiago, 8 de febreiro de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza coa Federación de Autónomos de Galicia (Feaga), onde avanzou que o Goberno galego investirá este ano 25 millóns de euros en diferentes liñas de axudas dirixidas a autónomos e emprendedores. Esta partida crece con respecto ao exercicio anterior un 1 por cento.

A titular de Traballo amosou ao presidente de Feaga,

Francisco Javier Pérez Bello, a súa aposta "firme e decidida" por este sector, considerando que é un dos motores económicos da Comunidade Autónoma que xera emprego.

Indicou, así, que ao longo da pasada lexislatura se investiron na área dirixida a autónomos e emprendedores máis de 122 millóns de euros, que beneficiaron a máis de 18.000 traballadores.

O apoio da Xunta tamén se demostra coa posta en marcha



neste trimestre do Consello Galego do Traballo Autónomo, que permitirá ao Goberno autonómico coñecer de primeira man as inquiredanzas, opinións e suxestións das asociacións profesionais que representan a gran maioría do traballadores autónomos.

Coa creación do Consello

Galego do Traballo Autónomo culminará todo o proceso normativo en Galicia do desenvolvemento do Estatuto do traballo autónomo (Lei 20/2007, do 11 de xullo). Este será o órgano consultivo do Goberno de Galicia nas materias que afecten as persoas traballadoras autónomas.

Mato réunese con AUGA-UPTA para avaliar a situación dos autónomos e mostrar o apoio do Goberno galego a este sector

- ▶ Nos orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar para 2013 destínanse máis de 25 millóns de euros aos autónomos e emprendedores, un 1 por cento máis que en 2012
- ▶ Ao longo da pasada lexislatura, investíronse nesta área máis de 122 millóns de euros, que beneficiaron a máis de 18.000 autónomos e emprendedores
- ▶ Beatriz Mato lembrou que neste trimestre se constituirá o Consello Galego do Traballo Autónomo, que permitirá ao Goberno autonómico coñecer de primeira man as inquiredanzas, opinións e suxestións das asociacións profesionais que representan a gran maioría do traballadores autónomos
- ▶ O secretario xeral de Autónomos de Galicia (AUGA-UPTA), Lisardo Rodríguez, avanzou á conselleira a próxima creación da Cátedra Extraordinaria do Traballo Autónomo na USC, a única existente en Galicia e a segunda que se constitúe en España.

Santiago, 4 de febreiro de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reuniuse co secretario xeral de Autónomos de Galicia (AUGA-UPTA), Lisardo Domínguez, para interesarse polo estado deste colectivo e mostrar o apoio do Goberno galego ao sector.

Este respaldo reflíctese nos orzamentos do departamento autonómico para 2013, nos que

se destinan máis de 25 millóns de euros aos autónomos e emprendedores, un 1 por cento máis que en 2012. Ao longo da pasada lexislatura, investíronse nesta área máis de 122 millóns de euros, que beneficiaron a máis de 18.000 autónomos e emprendedores.

Beatriz Mato lembrou que neste trimestre constituirase o Consello Galego do Traballo



Autónomo, que permitirá ao Goberno autonómico coñecer de primeira man as inquiredanzas, opinións e suxerencias das asociacións profesionais que representan á gran maioría do traballadores autónomos.

Coa creación do Consello Galego do Traballo Autónomo culminará todo o proceso normativo en Galicia do desenvolvemento do Estatuto do Traballo Autónomo

(Lei 20/2007, do 11 de xullo). Este será o órgano consultivo do Goberno de Galicia nas materias que afecten ás persoas traballadoras autónomas.

Así mesmo, Lisardo Rodríguez avanzou á conselleira a próxima creación da Cátedra Extraordinaria do Traballo Autónomo na USC, a única existente en Galicia e a segunda que se constitúe en España.

Traballo e economía social

O ISSGA formará este ano preto de 500 persoas a través da súa oferta formativa en liña

- ▶ Trátase da primeira edición desta iniciativa, na que participarán 150 persoas e que se realiza en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
- ▶ Estes cursos teñen unha duración de 60 horas lectivas
- ▶ A formación en liña, que facilita o acceso á formación das persoas con dificultades para acudir ás aulas por diversos motivos, complementase cos cursos presenciais e as distintas xornadas que teñen lugar nos centros do ISSGA
- ▶ Para este ano 2013 está prevista a realización de 12 cursos básicos de prevención de riscos laborais presenciais e tres edicións a través da modalidade en liña, así como 24 xornadas técnicas sobre diversos temas de interese preventivo

Santiago, 26 de febreiro de 2013.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, formará este ano preto de 500 persoas a través da súa oferta formativa en liña. Debido á alta demanda rexistrada nestes cursos básicos, desde o pasado ano aumentáronse as prazas nun total de 60 con respecto ás dispoñibles no ano 2011.

De feito, comeza a primeira edición desta iniciativa, na que participarán 150 persoas e que se realiza en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública

(EGAP). Rematará a finais do mes de abril coa superación dun exame presencial en cada un dos centros do ISSGA ou na sede da EGAP.

Estes cursos, que se desenvolven en liña, teñen unha duración de 60 horas lectivas. O programa do curso versa sobre conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo, riscos xerais e a súa prevención, riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención, elementos básicos da xestión da prevención de riscos, primeiros auxilios e prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

Os obxectivos son proporcionar

o nivel e capacitación necesario para desenvolver funcións de xestión da prevención e facilitar aos empresarios a formación e os coñecementos que os capaciten para xestionar a prevención nas súas propias empresas ou centros de traballo.

A formación en liña, que facilita o acceso á formación das persoas con dificultades para acudir ás aulas por diversos motivos, complementase cos cursos presenciais e as distintas xornadas que teñen lugar nos centros do ISSGA.

Oferta formativa do ISSGA

A Lei de prevención de riscos laborais inclúe a necesidade de proporcionar aos traballadores formación suficiente e axeitada sobre os riscos que afectan os seus postos de traballo. Así mesmo, encomenda ás administracións públicas o desenvolvemento de accións de formación, información e divulgación que contribúan, xunto aos empresarios e traballadores, ao logro dos obxectivos de mellora progresiva das condicións de

traballo.

A formación, xunto coa información, promoción e asesoramento en materia de seguridade laboral, constitúe unhas das ferramentas máis axeitadas para promover unha auténtica cultura preventiva no conxunto da sociedade.

Neste liña, a oferta formativa do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), que se desenvolve tanto presencialmente nos seus centros provinciais, como en liña e a través da aula virtual, ten o propósito de proporcionar formación de calidade nesta materia dando cumprimento ao Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014.

Para este ano 2013 está prevista a realización de 12 cursos básicos de prevención de riscos laborais presenciais que terán lugar nos catro centros provinciais do ISSGA e tres edicións a través da modalidade en liña, así como 24 xornadas técnicas sobre diversos temas de interese preventivo.

<http://www.issga.es/html/public/>



O ISSGA contabiliza 279 casos de enfermidades profesionais no cuarto trimestre do ano 2012

Santiago, 9 de febreiro de 2013.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), como órgano técnico en prevención de riscos laborais, desenvolve unha liña de actuación sistematizada para o estudo estatístico da incidencia das enfermidades profesionais en Galicia e a investigación das súas causas. Os datos correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2012 poñen de manifesto que nese período foron comunicados 279 partes de enfermidades profesionais, dos que 139 foron con baixa. Por sexos, 147 dos afectados eran homes e 132 mulleres.

Os sectores da industria e dos servizos son os que rexistraron máis partes de enfermidades profesionais. Na industria producíronse 127 casos e nos servizos 123; seguidos da construción, que rexistrou 26 partes; da pesca, con 2 partes; e da agricultura, con 1 caso. Na industria as notificacións afectan en maior grao ao colectivo masculino e nas rexistradas no sector dos servizos, ao feminino. En ambos casos, a maioría das patoloxías detectadas son provocadas por axentes físicos, e máis concretamente lesións osteomusculares.

Formación e emprego

Feijóo refírese á formación como “clave da superación da crise” e destaca para este 2013 unha achega de 40 millóns en formación para desempregados

A Coruña, 19 de febreiro de 2013.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, refírese á formación como “clave da superación da crise económica” e destacou para este ano 2013 unha achega de 40 millóns de euros en formación para desempregados. “Queremos seguir apoiando a formación, clave do futuro, e por iso imos dedicar 40 millóns de euros para a formación de persoas desempregadas, para que o emprego empece a moverse e se xeren postos de traballo”, aseverou.

Así mesmo, Feijóo, que presidiu o acto de entrega de diplomas aos alumnos da primeira promoción 2010-2012 do Programa de alta especialización en animación 3D da Fundación Averhó, afirmou que o Goberno galego seguirá traballando para limitar na medida do posible os obstáculos da discapacidade, como proba o Plan para as persoas con discapacidade que, na pasada lexislatura, mobilizou máis de 45 millóns de euros para programas destinados á inserción laboral de persoas con discapacidade.

“E seguiremos facendo as infraestruturas que non se ven pero que son clave para a competitividade da nosa economía, como son as infraestruturas tecnolóxicas. E, neste senso, a Axenda dixital de Galicia, a pesar da crise económica, ten o compromiso de investir 1.600 millóns de euros, que nos permitirán saír ao final da crise reforzados cun territorio máis competitivo, onde o acceso á internet nas cidades sexa moito máis rápido e onde a banda larga chegue ás aldeas e aos lugares máis recónditos de Galicia”, engadiu.

Feijóo referíuse aos alumnos de Averhó como un exemplo para a sociedade galega, “cuxas biografías admirables deberán ser referencia obrigada para os pesimistas”. “Detrás de todos



Alberto Núñez Feijóo no acto de entrega dos diplomas do Programa de alta especialización en animación 3D da Fundación Averhó

vós hai historias de superación persoal. Aquí non hai resignación; aquí non se sente derrotismo. Que teñades chegado ata aquí, como especialistas nunha materia de futuro como o audiovisual, e como a animación 3D, proba que

ningunha limitación supón un freo definitivo para vós. Nin ser mozos, nin ter algunha discapacidade vos ten impedido conseguir a maioría dos obxectivos”.

O presidente do Goberno galego concluíu asegurando que toda

a sociedade pode ver reflectidos nestes mozos e mozas os seus mellores valores. “A vosa forza e a vosa constancia son un motor para que a marcha da nosa terra non se deteña”, sentenciou.

Formación e emprego

Traballo e a CEG impulsan o novo contrato de formación co fin de loitar contra o paro xuvenil entre os menores de 30 anos

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), Antonio Fontenla, asinaron un protocolo de colaboración co fin de divulgar esta nova modalidade contractual
- A iniciativa consiste en proporcionar aos beneficiarios un contrato nunha empresa, que estará asociado a unha actividade formativa
- A formación, que será financiada pola Consellería de Traballo e Benestar, será totalmente certificable e recoñecida a nivel estatal
- As empresas que participen no proxecto contarán así con traballadores preparados especificamente para o labor que teñan que realizar e terán dereito a determinadas vantaxes fiscais
- Todo o proceso será controlado polo Servizo Público de Emprego de Galicia para verificar que se cumpren as condicións de traballo, de formación e de contratación



Santiago, 8 de febreiro de 2013.- A consellería de Traballo e Benestar e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) impulsarán o novo contrato de formación co fin de loitar contra o desemprego xuvenil en Galicia. Esta iniciativa, que combina un posto de traballo cunha actividade formativa, está dirixida aos menores de 30 anos.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, e o presidente da patronal galega, Antonio Fontenla, asinaron un protocolo de colaboración co fin de divulgar esta nova modalidade contractual entre o tecido empresarial galego a través de xornadas informativas, e encontros.

A iniciativa consiste en proporcionar aos beneficiarios un contrato nunha empresa desde o primeiro momento, un traballo que estará asociado a unha actividade formativa de calidade vinculada á demanda real das propias empresas e a un certificado de profesionalidade, de validez estatal.

Deste xeito, ademais de proporcionar un traballo, mellórase a preparación e cualificación dos participantes, un aspecto especialmente importante “no caso daqueles mozos e mozas que en época de bonanza abandonaron a súa formación por un posto de traballo, que entón abundaban en sectores como a construción ou o metal. Actualmente, é especialmente difícil a súa recolocación ao non contar

cunha formación específica nin outra experiencia laboral”, explicou Mato.

Pola súa banda, o presidente da CEG, Antonio Fontenla, explicou que, logo da sinatura do convenio, a organización empresarial emprenderá un labor de información e sensibilización ás empresas da comunidade sobre as oportunidades que ofrece este novo contrato de formación. “Proporcionaremos asesoramento a todas aquelas empresas interesadas na súa aplicación”, detallou.

En canto aos beneficios concretos, os participantes contarán cun contrato coas condicións do convenio colectivo, que durará un mínimo dun ano ata un máximo de 3 anos; unha formación e cualificación recoñecida e homologada; e unha experiencia laboral para o seu currículo.

As empresas tamén contarán con vantaxes se optan por esta modalidade. Así, durante a vixencia do contrato contarán con reducións da cota empresarial da seguridade social que irán desde o 75% ao 100%. Ademais, as empresas poderán contar deste xeito con profesionais preparados especificamente para o labor que teñan que realizar.

No primeiro ano a formación, que será financiada pola Consellería de Traballo e Benestar, constituirá como mínimo un 25 por cento do tempo traballado, mentres que nos dous anos seguintes será como

mínimo do 15 por cento.

O Servizo Público de Emprego de Galicia encargárase de facer un seguimento de todo o proceso para que cumpra todas as garantías. Isto é, “encargárase de autorizar estes contratos e velará para garantir que se cumpran as condicións, tanto no propio desenvolvemento profesional como na súa parte formativa”, concretou a conselleira.

Ademais, sobre os principais destinatarios desta nova modalidade contractual, a responsable autonómica salientou que se trata dunha iniciativa “especialmente concibida e adaptada ás pequenas e medianas empresas, que constitúen o 90 por cento do tecido produtivo de Galicia, pero que tamén está aberta ás empresas de referencia da comunidade”.

“En definitiva, constitúe unha nova ferramenta para tentar atallar

o grave problema do desemprego xuvenil”, sinalou Mato, quen destacou que as cifras do paro son “a preocupación número un” para a Xunta de Galicia. Por isto, estanse a poñer en marcha medidas para mellorar a empregabilidade e crear “novas oportunidades”, como a través deste proxecto.

Entre as actuacións postas en marcha, unhas das principais apostas é a da formación de calidade e certificable. En 2013 destinarase a esta partida máis de 40 millóns de euros, que chegarán a 14.000 persoas. Practicamente o 100 por cento destas actividades formativas permitirán obter certificados de profesionalidade, unha acreditación que na pasada lexislatura conseguiron máis de 30.000 galegos e galegas, o que situou a Galicia á cabeza das comunidades autónomas neste eido.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de febreiro un total de 292.823 persoas desempregadas

Santiago, 4 de marzo de 2013.- Galicia rexistrou no mes de febreiro un total de 292.823 persoas desempregadas. Este dato supón un incremento do 0,70 por cento con respecto ao mes anterior, que en termos absolutos son 2.033 parados máis que en xaneiro.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, considerou que “estamos ante datos negativos, ao haber un incremento do desemprego”, se ben, explicou, “falamos dun mes de febreiro cun mellor comportamento no último lustro”.

Por outra banda, fixo fincapé na evolución do comportamento interanual do desemprego galego. Este mes o aumento interanual é do 6,61 por cento. Este dato supón que Galicia mellorou en catro puntos o dato que rexistraba no mesmo

mes do ano anterior, cando a evolución interanual acadaba o 10,63 por cento.


En comparación co Estado, o comportamento de Galicia é mellor que na media. O incremento do desemprego en España foi do 1,19 por cento, 5 décimas superior ao da comunidade autónoma. Ademais, se se ten en conta as 16 comunidades autónomas nas que aumenta o paro, Galicia é a quinta que rexistra unha subida menor.

Por sectores, o paro aumenta en todos eles, agás na agricultura e na pesca (-165). O principal incremento rexístrase no sector servizos (+1.765), seguido pola industria (+337), a construción (+73), e o colectivo en sen emprego anterior (+23).

Por provincias, o paro incrementouse neste mes en todas. Á cabeza situouse A Coruña

(+1.067), seguida por Pontevedra (+560), Lugo (+336) e Ourense (+70).

En canto aos contratos, no mes de febreiro rexistráronse en Galicia un total de 40.802, 13.139 contratos menos que no mes anterior. Deste total, 4.397 foron indefinidos (10,78 por cento) e 36.405 temporais (89,22%).



Variación relativa a mes anterior		VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA (Mes en curso – igual mes do ano anterior)				
	Parados mes					
Illes Balears	93.947	-1,64				
Meiulla	11.740	-1,20				
Asturias	107.677	0,06				
Extremadura	152.267	0,11				
Cataluña	665.176	0,51				
Canarias	291.474	0,68				
Galicia	292.823	0,70				
Cantabria	59.278	1,07				
Murcia	160.068	1,12				
Castela-A Mancha	274.688	1,13				
Valencia	593.357	1,18				
Aragón	116.173	1,28				
Madrid	570.039	1,45				
País Vasco	178.006	1,55				
A Ríoxa	29.067	1,59				
Navarra	56.524	1,67				
Castela e León	250.364	1,82				
Ceuta	12.434	1,94				
Andalucía	1.125.120	2,06				
TOTAL	5.040.222	1,19				

As conselleiras de Sanidade e de Traballo e Benestar fan un diagnóstico da situación da cronicidade en Galicia

► O obxectivo é acadar mellores resultados clínicos, modernizar o modelo de atención, facilitar a adherencia aos tratamentos, fomentar o autocoidado dos pacientes e mellorar a calidade de vida

Santiago, 18 de febreiro de 2013.- A conselleira de Sanidade, Rocio Mosquera, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentaron a situación da cronicidade en Galicia. Así, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, conforme ao documento aprobado no mes de outubro polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, Estratexia para o Abordaxe da Cronicidade no Sistema nacional de saúde, fixeron un diagnóstico da situación de Galicia con respecto ás estratexias e obxectivos recollidas nela.

Segundo explicou a conselleira de Sanidade, a finalidade é que o grupo técnico que se encargará de elaborar a estratexia galega dispoña dunha información común sobre a que sustentar as súas propostas e iniciativas. Este documento desenvolverase durante o primeiro semestre de 2013.

Neste senso, na Estratexia Sergas 2014, no seu primeiro obxectivo -promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos- establece a necesidade de reorientar o sistema sanitario cara a xestión integral e integrada da cronicidade.

Todo isto baixo un enfoque de xestión por procesos que redunde en mellores resultados clínicos, modernice o modelo de atención, facilite a adherencia aos tratamentos, fomente o autocoidado dos pacientes e mellore a calidade de vida.

En Galicia puxéronse en marcha gran cantidade de iniciativas para orientar o sistema sanitario galego á cronicidade, aínda que "cómpre seguir avanzando e deseñar dun xeito multidisciplinar cales deben ser as estratexias, obxectivos e accións que permitan consolidar o xa acadado, e reforzar

aquelas áreas menos desenvolvidas", asegurou Mosquera.

Abordaxe da cronicidade

O avellentamento poboacional é incuestionable na realidade epidemiolóxica de Galicia xa que, dos 2,72 millóns de habitantes da comunidade, case unha cuarta parte ten 65 anos ou máis, o que supón en torno a un 23% do total segundo datos do Instituto Galego de Estatística. Por iso, o grao de implicación dos profesionais, a irrupción das novas tecnoloxías e o seu inmenso potencial transformador da asistencia sanitaria social, a esixencia dunha cidadanía máis formada e mellor informada, fan que o Sistema Nacional de Saúde, o Sergas e a Consellería de Sanidade teñan "a obriga de dar unha resposta axeitada a esta nova situación, na que a cronicidade é o nexa e o reto común".

Nesta xuntanza estiveron presentes colexios profesionais; sociedades científicas e asociacións de pacientes; representantes das diferentes xerencias do Servizo Galego de Saúde; consellos asesores e persoal técnico da Consellería e do Sergas; así como representantes dos centros asistenciais do Sergas e da Consellería de Traballo e Benestar.

Previr a dependencia

Pola súa banda, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou a importancia desta Estratexia galega de atención á cronicidade ao poñer o acento na prevención, na detección precoz das enfermidades crónicas e na promoción da autonomía persoal e no envellecemento activo.

Neste senso, incidiu en que non só se trata de poñer en marcha novos recursos, senón de optimizar os que xa existen na procura "da



máxima eficiencia, e dunha atención especializada e de calidade".

Mato destacou que o departamento autonómico está a ultimar unha estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, un plan que recolle propostas para que desde agora e ata 2014 máis de 4.000 galegos e galegas poidan previr esta situación.

Esta iniciativa constitúe un dos eixos estratéxicos en materia social nesta lexislatura, na que a Consellería de Traballo e Benestar fará un esforzo por programar actividades que melloren o benestar dos nosos maiores, para que poidan ter un envellecemento activo que preveña posibles enfermidades crónicas.

Benestar rematará a elaboración dunha estratexia para a prevención da dependencia no primeiro trimestre do ano

<http://www.envellecementomaisactivo.eu/>

Ferrol, 22 de febreiro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar está ultimando unha estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, cun horizonte ata o ano 2020, que se prevé rematar no primeiro trimestre do ano e que marcará a folia de ruta das políticas de prevención e promoción da autonomía persoal en Galicia durante os próximos 7 anos.

Así o indicou a secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, na súa participación no Seminario de Envellecemento Activo celebrado en Ferrol. Esta estratexia pretende reducir os niveis de dependencia na poboación galega.

Na súa elaboración tomaron parte 8 grupos técnicos de traballo, formados por persoal da Consellería e outros departamentos da Xunta de Galicia, así como entidades de maiores, entidades que representan persoas con discapacidade, os colexios profesionais ou a FE-GAMP, entre outras organizacións e colectivos.

As actuacións previstas nesta estratexia están encamiñadas a alcanzar os seguintes obxectivos: a concienciación social en relación coa adopción de hábitos saudables e a prevención da dependencia, o aumento da esperanza de vida libre de dependencia, a mellora da calidade de vida das persoas con dependencia moderada, o reforzo do apoio ás familias, a intensificación da investigación e a innovación e a mellora continua dos recursos destinados á prevención.

Coro Piñeiro expuxo que esta iniciativa ten relación directa coa nova Estratexia Galega de Atención Integral á Cronicidade, que o Goberno galego está a elaborar. Esta estratexia quere dar un xiro á organización dos servizos socio-sanitarios, cambiando o tradicional enfoque curativo e asistencial por outro eminentemente preventivo.

Doutra banda, a titular de Política Social apuntou a importancia



► A titular de Política Social apuntou a importancia das novas tecnoloxías na sociedade actual e da súa aplicación para mellorar a vida dos maiores, con iniciativas como a teleasistencia

► Piñeiro referiuse ao proxecto 'Envellecemento+Activo', ao abeiro do Programa de cooperación transfronteiriça España-Portugal (POCTEP), que foi deseñado para promover a planificación e utilización conxunta de equipamentos, programas e servizos sociais innovadores, a nivel transfronteiriço

das novas tecnoloxías na sociedade actual e da súa aplicación para mellorar a vida dos maiores. Por exemplo, na actualidade en Galicia hai en funcionamento preto de 5.000 dispositivos de teleasistencia.

Ademais, o departamento autonómico está a aplicar programas de teleasistencia avanzada, como MiAvizor, que permite aos maiores seguir vivindo de maneira independente tendo un control profesional sobre os seus hábitos de vida. Trátase dunha iniciativa especialmente útil para unha sociedade con dispersión poboacional como a galega. Por iso, os 500 primeiros usuarios pertencen a concellos do rural nas provincias de Lugo e Ourense.

Por último, Coro Piñeiro referiuse ao proxecto 'Envellecemento+Activo', ao abeiro do Programa de cooperación transfronteiriça España-Portugal (POCTEP). Un proxecto cofinanciado a través de fondos europeos, que contou cun orzamento de preto de 2,5 millóns de euros. Esta iniciativa foi deseñada para promover a planificación e utilización conxunta de equipamentos, programas e servizos sociais innovadores, a nivel transfronteiriço.

No marco deste proxecto, o pasado mes de novembro tivo lugar o I Congreso Internacional sobre Envellecemento Activo que reuniu na Coruña a preto de 300 expertos e profesionais para reflexionar sobre os avances en investigación e

as experiencias novidosas que se están desenvolvendo neste ámbito.

No transcurso deste congreso presentáronse outros proxectos piloto de teleasistencia avanzada que se están desenvolvendo en Galicia, como o servizo de Telexe-rontoloxía ou a plataforma Sam-TV, baseada na atención ás persoas maiores a través da televisión.

Así, Piñeiro afirmou que o propósito da Consellería de Traballo e Benestar nesta lexislatura é seguir traballando no desenvolvemento de sistemas innovadores de atención e prevención da dependencia de marcada liña sociosanitaria, dentro da nova planificación de fondos europeos para o período 2014-2020.

Xunta e Fiscalía coordinaranse para axilizar procedementos que afecten a persoas con discapacidade, dependencia e maiores



- ▶ O fiscal superior de Galicia, Carlos Varela; a secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro; e a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González mantiveron un encontro de coordinación en Santiago
- ▶ Amparo González reunírase cos fiscais de menores das catro provincias galegas co obxectivo de analizar toda a normativa existente neste eido
- ▶ Na actualidade Galicia conta con 124 prazas para menores con medidas xudiciais e 1.418 menores tutelados.

resolucións xudiciais.

Así o acordaron o fiscal superior de Galicia, Carlos Varela; a secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro; e a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González; nun encontro mantido en Santiago, ao que asistiron tamén os fiscais de incapacidades das catro provincias galegas.

Entre os temas tratados destaca a aplicación das resolucións xudiciais para o internamento urxente ou involuntario de persoas con trastorno psíquico e falta ou insuficiencia de apoio social, así como asuntos de interese común (consentimento informado para intervencións cirúrxicas ou aplicación de medidas de contención).

Reunión en materia de menores

Doutra banda, na reunión acordouse a próxima celebración dun novo encontro, esta vez específico para analizar a normativa en materia de menores, coa presenza

dos fiscais de menores das catro provincias, na que se abordarán asuntos como medidas de protección e xudiciais e de mediación intraxudicial.

A Consellería de Traballo e Benestar conta na actualidade con 124 prazas para menores con medidas xudiciais e 1.418 menores tutelados. Ademais existen dous equipos de mediación intraxudicial, un en Santiago e outro en Ourense, aos que se derivaron 77 e 74 casos en 2012, respectivamente. Trátase dun procedemento que está a dar bos resultados e que se poderán avaliar neste encontro.

A Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía xa veñen colaborando en diferentes iniciativas como a posta en marcha da Guía informativa sobre a protección xurídica e a discapacidade, unha ferramenta de orientación para facilitar o labor dos profesionais no eido da atención ás persoas con discapacidade.

O primeiro Plan para as persoas con discapacidade de Galicia inclúe a súa integración nas actividades culturais e deportivas

Santiago, 7 de febreiro de 2013.- A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, subliñou o papel do primeiro Plan integral de acción para as persoas con discapacidade para a construción dunha Galicia "inclusiva", resaltando que este documento inclúe diversas medidas para acadar a integración deste colectivo en diferentes actividades como son as culturais e deportivas.

Piñeiro destacou a importancia deste documento no transcurso da inauguración en Santiago da mostra 'ARTE factos, dinamitando os prexuízos desde a integración'. Sinalou, en concreto, que un dos obxectivos deste plan aborda a perspectiva da integración do colectivo nas actividades culturais, deportivas e recreativas.

Así, por exemplo, inclúe criterios de accesibilidade nas ordes de axudas para obras e instalacións e para as actividades culturais e de tempo de lecer. Nos cursos de formación de profesionais de técnicos do deportes, intégrase un módulo básico de deporte adaptado. Garante, ademais, unha cota de participación dun sete por cento para as persoas con discapacidade nas actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.

Piñeiro indicou, ademais, que este plan posto en marcha pola Xunta está deseñado desde o principio de forma compartida, coas entidades e cos profesionais que coñecen este ámbito e coas que a Consellería de Traballo e Benestar mantén "unha intensa colaboración".

O Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013 recolle máis de 190 actuacións dirixidas a mellorar a calidade de vida deste colectivo en todos os eidos, ás que se suman máis dun cento doutras medidas que se reforzan e se visibilizan.

Este documento artéllase ao redor de 10 áreas de intervención, cada unha delas cos seus

obxectivos específicos. Os núcleos de acción son os seguintes: protección dos dereitos; igualdade de xénero e transversalidade; accesibilidade; promoción da autonomía persoal; educación; formación e emprego; recursos no ámbito dos servizos sociais; saúde e atención sociosanitaria; atención temperá; e cultura, deporte e tempo de lecer.

<http://benestar.xunta.es/export/sites/default/>



Os beneficiarios da RISGA aumentaron nun 24 por cento en 2012, ata chegar aos 6.718 usuarios activos a finais do ano

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, ofreceu en rolda de prensa un balance da Renda de integración social de Galicia (RISGA) e das Axudas de emerxencia social (AES)
- ▶ Ao longo do ano, un total de 8.747 persoas percibiron a RISGA
- ▶ En canto ás AES, o seu número de perceptores incrementouse en case un 12 por cento, e acadou as 2.595 prestacións
- ▶ Nos orzamentos de 2013, a partida da RISGA medra nun 38 por cento ata os 32,7 millóns, e a das AES nun 50 por cento ata os 4,5 millóns.

Santiago, 22 de febreiro de 2013.- A cifra de beneficiarios da Renda de integración social de Galicia (RISGA) chegou, segundo datos do 31 de decembro de 2012, a un total de 6.718 perceptores en nómina. Isto supón un aumento do 24 por cento sobre os usuarios activos que había na mesma data de 2011.

Así o explicou a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, quen ofreceu en rolda de prensa un balance dos datos da RISGA e das Axudas de Emerxencia Social (AES) durante o exercicio anterior.

En canto á distribución por provincias, a maioría das axudas da RISGA corresponden á provincia de Pontevedra (48,76%, 3.276 beneficiarios), seguida pola da Coruña (24,38%, 1.638 perceptores). A continuación sitúase a provincia de Ourense, cun 16,06 por cento dos beneficiarios (1.079 persoas) e, por último, a de Lugo, que concentra o 10,7 por cento das axudas, que se corresponden con 725 persoas.

No que se refire á RISGA precisou que hai que diferenciar entre o dato de beneficiarios activos a peche do ano pasado co de perceptores acumulados ao longo do ano. Deste xeito, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012 recibiron esta prestación un total de 8.747 persoas.

Cabe lembrar que a RISGA é unha prestación que se outorga a todas as persoas que cumpren os requisitos e, precisamente por iso, é unha partida ampliable nos orzamentos para garantir a atención a todo aquel que o precisa.

A prestación da RISGA está integrada por un subsidio básico, ao que se pode sumar un complemento variable en función do número de membros que compoñen a unidade de convivencia. De ser o caso, os beneficiarios tamén poden percibir un complemento de inserción.

Así, en 2012 o 48,41 por cento dos beneficiarios percibiu o subsidio básico, mentres que o 37,79 recibiu esta axuda acompañada dalgún complemento familiar. Houbo un 3,19 por cento que recibiu o subsidio básico, o complemento familiar e o de inserción, e outro 4,36% ao que se lle concedeu a prestación básica máis o complemento de inserción. A porcentaxe restante non se atopa nas categorías sinaladas dado que, ou ben percibiu só complementos familiares ou de inserción.

Axudas de emerxencia

Xa no que se refire ás AES, concedéronse un total de 2.595 entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012. Esta cifra reflicte un incremento de case o 12 por



cento se se compara cos datos do ano anterior.

As AES son axudas económicas de pagamento único que teñen como obxectivo paliar necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia.

A contía media é duns 1.000 euros, nun pagamento único, aínda que a súa cantidade varía en función da necesidade á que teña que facer fronte.

Por provincias, das 2.595 axudas concedidas o 53,91 por cento correspóndense con Pontevedra (1.399), seguida por Ourense cun 19,11 por cento (496), Lugo cun 15,95% (413) e, por último, pola Coruña cun 11,06 por cento (287).

A directora xeral de Familia e Inclusión lembrou que o apoio ás persoas máis vulnerables ou en

risco de exclusión social é "unha prioridade" para o Goberno galego, á que se está a dedicar a "máxima dedicación".

Este esforzo reflíctese nos orzamentos para 2013, nos que o investimento na RISGA se incrementa nun 38 por cento ata chegar aos 32,7 millóns de euros. Isto é, 9 millóns de euros máis que o orzamento inicial de 2012. Ademais, esta partida volverá ser ampliable e incrementárase cando sexa necesario, tal e como se fixo en 2012.

Pola súa banda, a partida para as AES medra este ano nun 50 por cento, e alcanza os 4,5 millóns de euros.

"Estes incrementos veñen a demostrar o firme compromiso deste Goberno coa inclusión social", rematou a directora xeral.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/renda-de->



Política social

Galicia e Burundi estreitan lazos na cooperación que manteñen no proceso de adopcións



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recibiu en Santiago ao embaixador extraordinario e plenipotenciario de Burundi en Francia, España e Portugal, Gaspard Musavyarabona
- ▶ Na reunión intercambiouse información sobre o sistema de protección dos menores e os trámites para formalizar unha adopción
- ▶ Galicia rexistrou en 2012 un total de 5 adopcións procedentes deste país.

Santiago, 1 de febreiro de 2013.- Galicia e Burundi seguirán a colaborar estreitamente na cooperación que veñen mantendo desde hai anos en materia de adopcións. Así o destacou a conselleira de

Traballo e Benestar, Beatriz Mato, quen mantivo unha xuntanza de traballo en Santiago co embaixador extraordinario e plenipotenciario de Burundi en Francia, España e Portugal, Gaspard Musavyarabona.

Á reunión tamén asistiu a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, así como a directora da ECAI ADDIS-Galicia, Eva Alonso, e o seu equipo e a representante deste colectivo no país, Marie Rose Nshimiramana.

O embaixador coñeceu de primeira man como se desenvolve na Comunidade autónoma o procedemento de adopcións e mostrou a súa disposición de seguir mantendo “unha estreita colaboración” para que nenos e nenas de Burundi podan ser adoptados polas familias galegas que o soliciten. Ademais, interesouse pola cultura de Galicia e brindou o seu apoio á Xunta para seguir a colaborar neste eido.

No ano 2010 houbo en Galicia un total de 7 adopcións con Burundi, en 2011 houbo unha e o ano pasado un total de 5. Na actualidade, estase á espera de que este país asigne un ou varios nenos ou nenas a 33 familias.

Así mesmo, o embaixador interresouse pola integración dos nenos e nenas nas familias e as súas condicións sanitarias e educativas.

Mato explicou o “estreito seguimento” que o departamento autonómico realiza no proceso dunha adopción e sinalou que a tramitación deste procedemento en Burundi realízase a través dunha entidade colaboradora de adopción internacional, que con Burundi é a ECAI ADDIS-Galicia, a través dunha resolución asinada o 29 de abril de 2010.

Por último, Mato lembrou que o número de adopcións internacionais resoltas en Galicia entre os anos 2000 e 2012 superaron as 2.400.

En definitiva, destacou que foi unha xuntanza “moi produtiva” na que se intercambiou información sobre o sistema de protección de menores e os trámites para formalizar unha adopción de menores de Burundi por parte de familias españolas.

Benestar abre o prazo para solicitar praza en 146 escolas infantís da rede Galiña Azul da Xunta

Santiago, 20 de febreiro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar abreu o prazo para solicitar praza en 146 escolas infantís da Rede Galiña Azul. O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 36, do 20.01.2013) publica os requisitos e procedementos para solicitar as prazas. A resolución cos prazos e o lugar de presentación das instancias poderá consultarse a través da web www.escolasinfantis.net ou no propio centro onde se queira matricular o neno ou nena.

Segundo se sinala no devandito anuncio do DOG, o prazo para a presentación de solicitudes de renovación de praza ou de novo ingreso será dende o 21 de febreiro ata o 21 de marzo, as listas provisionais de admitidos publicaranse o día 2 de maio e as listas definitivas, o día 27 de maio. O prazo para formalizar a matrícula dos nenos e nenas admitidos será dende o 28 de maio ata o 12 de xuño.

En total, a Rede de Escolas Infantís A Galiña Azul da Xunta incluírá o vindeiro curso 2013/2014 seis centros máis que no inicio do presente curso 2012/2013 ao contar coa escola de Vigo-San Paio, que entrou en funcionamento a finais de 2012, a nova escola de Curtis, que abrirá nos próximos meses, e outras catro escolas que iniciarán a súa actividade en setembro: Arteixo, Tui, Alfóz e Moaña.

O total de prazas nas escolas da Xunta ascende así a 8.627, o que supón 406 prazas máis que ao comezo do presente curso 2012/2013. Por provincias, a oferta é de 3.272 prazas na Coruña, 935 en Lugo, 1.165 na provincia de Ourense e 3.255 en Pontevedra. Esa oferta inclúe dúas escolas, as dos edificios administrativos da Xunta en Pontevedra e en Vigo, que terán un procedemento de matrícula independente ao estar

as prazas reservadas para os fillos de traballadores da Administración autonómica.

Axiliar a tramitación do cheque infantil

En rolda de prensa para informar sobre a apertura do procedemento de matrícula, o xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Roberto Rodríguez, sinalou que o total de prazas 0-3 sostidas con fondos públicos supera as 19.000, xa que ás prazas da rede da Xunta súmanse as de escolas

municipais, de entidades de iniciativa social e arredor de 1.000 prazas de cheque infantil.

Ao respecto do cheque infantil, a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, salientou como novidade que a documentación para optar aeste, presentarase de forma simultánea coa solicitude de praza nas escolas. Deste xeito, unha vez que se publique a convocatoria do cheque infantil, as familias xa terán presentada a documentación e axilizarase a súa tramitación.

<http://escolasinfantis.net/index.phpBenestar/>



Xuventude e voluntariado

O Ministerio de Sanidade selecciona o Programa de voluntariado dixital da Xunta para ser analizado nun seminario por expertos en políticas de inclusión social doutros estados da UE

<http://www.voluntariadogalego.org/web/modulo>.

- ▶ A Comisión Europea elixirá entre as propostas dos países membro a iniciativa que será obxecto da celebración dun seminario Peer Review, no que se fai unha análise crítica sobre a política concreta levada a cabo polo país anfitrión
- ▶ De ser elixida a proposta española o seminario celebraríase na capital galega antes do verán
- ▶ No ano 2013 poderán organizarse ata 8 xornadas deste tipo a nivel europeo que buscan fomentar a aprendizaxe mutua entre países e promover a difusión de boas prácticas entre os estados membros.

Santiago, 24 de febreiro de 2013.-

O Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais vén de propoñer á Comisión Europea que o Programa de voluntariado dixital da Xunta sexa obxecto dun seminario Peer Review a nivel europeo como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC.

Os seminarios Peer Review ou avaliacións por pares son unha iniciativa impulsada pola Comisión Europea para difundir entre os países membro iniciativas e proxectos de interese en determinados ámbitos para fomentar a aprendizaxe e o intercambio de información a través da avaliación e a análise crítica por parte de expertos nesa materia.

Este método supón que o Estado membro, cuxa iniciativa resultou elixida, organiza un seminario no seu territorio ao que invita representantes doutros países.

No caso de que a proposta de España sexa finalmente a elixida pola Comisión Europea o seminario para a analizar o Programa de voluntariado dixital celebrarase en Santiago de Compostela antes do verán. Nese caso, a capital galega acollería a expertos europeos en políticas de protección social, inclusión social e novas tecnoloxías que estudarían a efectividade desta iniciativa.

Os Peer Review permiten aos gobernos, que se someten



a revisión, coñecer as opinións e experiencias dos seus homólogos europeos na devandita política e, deste xeito, deseñar e implementar políticas máis efectivas no futuro. Tamén favorece o diálogo cos grupos de interese: axentes sociais, ONG e mesmo, nalgúns ocasións, coas persoas ás cales se dirixe a política en cuestión.

Para cada Peer Review prepárase un documento de discusión, elaborado por un experto independente e, nalgúns casos, complementase cun informe elaborado por un experto do país anfitrión. Ademais, os Estados membro e os grupos de interese europeos

invitados ao seminario elaboran informes de opinión que se engaden ao documento.

Programa de voluntariado dixital

Esta iniciativa, posta en marcha en febreiro de 2011 pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección xeral de Xuventude e Voluntariado, ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías á unha maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía, especialmente entre os colectivos de persoas maiores e de persoas con discapacidade.

Xuventude organiza máis de 150 cursos de formación que beneficiarán a máis de 18.000 mozos e mozas, preto de 6.000 máis que o ano pasado

Santiago, 24 de febreiro de 2013.-

O Plan de formación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, constará este ano de 153 cursos de diferentes temáticas que beneficiarán a máis de 18.000 persoas, con máis de 7.000 horas de formación non formal. Isto supón un incremento de preto de 5.800 beneficiarios con respecto a 2012.

Os cursos de formación divídense nas áreas de xuventude e voluntariado. En xuventude o número de horas pasa de 1.249 a 6.638, e de 37 cursos de formación a 128; mentres que no eido do voluntariado case se duplica o número de horas e de persoas que poden beneficiarse desta formación. Programáronse para o 2013 un total de 25 cursos, dos cales cinco son presenciais e 20 en liña. Isto supón 624 horas de formación, e chegar a 14.325 persoas.

No ámbito do voluntariado, haberá cursos de lingua de signos, de acompañamento a vítimas de violencia de xénero, voluntariado ambiental o para persoas maiores, entre outras. No eido de lecer e tempo libre será de animación á lectura, dinamización do asociacionismo, ou novas tecnoloxías.

Desde a Rede galega de información e documentación xuvenil organizarase un curso de chinés, emprendemento e creación de autoemprego, animación e xestión cultural ou organización de accións socioeducativas. Mentres, os centros Quérote + acollerán cursos de mediación familiar e escolar, de diversidade funcional ou de intervención afectivo-sexual coa mocidade.

Doutra banda, os Espazo Xove de Betanzos, Carballo, Chantada, Curtis, Lalín, Noia, Ourense, Tui, Vilagarcía de

Arousa, Vilalba, Viveiro ou Pontedeume terán tamén actividades formativas de idiomas, monitor sociocultural ou recoñecemento de competencias de información xuvenil.

Para o departamento autonómico a educación non formal é unha parte fundamental da formación integral dos mozos e mozas, xa que permite adquirir e assimilar valores, normas de vida,

opinións e coñecementos que facilitan a participación na sociedade.

Nesta edición 2013 os técnicos de xuventude, a mocidade galega e os voluntarios terán a súa disposición un conxunto de accións formativas enfocadas todas elas á adquisición de coñecementos, recíclaxe e actualización das distintas temáticas que se van abordar nos diferentes cursos.

<http://xuventude.xunta.es/ensino-e-bolsas.html>



Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar febreiro 2013, nº 82

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña á publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_02_2013.pdf



Congreso Internacional de Envejecimiento Activo. Preparando nuestro futuro

Obra en colaboración na que se reúnen todas as intervencións que con motivo da realización do Congreso Internacional sobre Envelhecimento Activo organizado pola Secretaría Xeral de Política Social, tivo lugar na Coruña os días 15 e 16 de novembro de 2012. A publicación estrutúrase baixo cinco tipos de intervencións: Conferencias plenarias, Táboas redondas, Comunicacións, Obradoiros e Póster. Por tratarse dun recurso electrónico de carácter dinámico, a través dos distintos enlaces, accédese aos arquivos das presentacións.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/congreso_envelhecimento/congreso_envejecimiento_activo.pdf




Recompilación normativa 2012. Consellería de Trabajo e Benestar

Selección das disposicións normativas máis salientables no eido laboral e do benestar elaboradas por esta consellería e publicadas ao longo dun ano no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/recompilacxn_normativa_2012.pdf




Galicia. Informe do paro rexistrado. Novembro 2012

Publicación periódica de carácter mensual na que se informa sobre os datos do paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia.

Acceso:

<http://emplego.xunta.es/cmspro/export/sites/default/documentos/paro201211.pdf>




Galicia. Informe do paro rexistrado. Decembro 2012

Publicación periódica de carácter mensual na que se informa sobre os datos do paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia.

Acceso:

<http://emplego.xunta.es/cmspro/export/sites/default/documentos/paro201212.pdf>



Informe sobre ocupacións máis contratadas. Datos 2012

A aplicación Datos sobre ocupacións máis contratadas víñase actualizando cunha periodicidade anual. Non entanto, a partir do ano 2012 a súa execución vese imposibilitada por cambios insalvables nas novas estruturas das bases de datos. Unha vez exposta esta circunstancia e dada a imposibilidade de seguir actualizando, polo de agora, esta páxina presentamos como informe alternativo o denominado "Informe sobre ocupacións máis contratadas" onde se presenta a listaxe dos grupos ocupacionais co maior número de persoas contratadas en Galicia,

provincias e comarcas.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/informe_sobre_ocupacions_mais_contratadas_datos_2012.pdf



Tendencias do Emprego en Galicia 3º trimestre 2012

Publicación de periodicidade trimestral que analiza as tendencias do mercado de traballo en Galicia e dá a coñecer os indicadores que serán útiles para os encargados da elaboración das políticas públicas orientadas á mellora do emprego.

Para a súa elaboración utilízanse 3 fontes estatísticas primarias: Rexistros administrativos (Seguridade Social e Servizo Público de Emprego) e Enquisa de Poboación Activa (EPA) e outras tantas secundarias que reproducen, a partir de calquera das fontes primarias, datos elaborados por institucións públicas e privadas que realizan análises periódicas de conxuntura.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Tendencias_do_Emprego_en_Galicia_3x_trim.pdf



Ficha do Mercado Laboral Galego 2013

A través de fichas, esta publicación danos un estudo polo miúdo do mercado laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, achegando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha_mercado_laboral_galego_2013.pdf



Fichas Provinciais do Mercado Laboral Galego 2013

Información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo polo miúdo do mercado laboral galego nas 4 provincias da Comunidade Autónoma de Galicia achegando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas_mercado_laboral_provincias_2013.pdf

As publicacións editadas pola consellería no mes de febreiro son as seguintes:

- ▶ Informe Ocupacións mais contratadas – Datos 2012
- ▶ PDF. Plan de formación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. 2013
- ▶ BITeB, nº 82. Febreiro 2013
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Novembro 2012
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Decembro 2012
- ▶ Avance de datos. Sinistralidade laboral. 2012
- ▶ Folla de prevención nº 35. Accesorios de elevación de cargas (I) (Castelán)
- ▶ Folla de prevención nº 35. Accesorios de elevación de cargas (I)
- ▶ Tendencias do emprego Galicia. 3º Trimestre 2012
- ▶ Ficha do mercado laboral galego. 2013
- ▶ Fichas provinciais do mercado laboral galego. 2013
- ▶ Informe de actividades ISSGA. 2012
- ▶ Mantendo o equilibrio. Prevención de riscos laborais no cultivo do mexillón
- ▶ Prevención a fondo. Prevención na colleita de recursos específicos en mergullo
- ▶ Congreso internacional de envelhecimento activo. Preparando nuestro futuro
- ▶ Oferta formativa 2013. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- ▶ Recompilación normativa. 2012
- ▶ Programa Xuventude emprende.

DOG

- Orde do 28 de xaneiro de 2013 pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2012, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2013. (DOG nº 23, do 01.02.2013).
- Corrección de erros. Orde do 31 de decembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio de 2013. (DOG nº 24, do 04.02.2013).
- Decreto 19/2013, do 17 de xaneiro, polo que se crea o Consello Galego do Traballo Autónomo e se regula a súa composición e funcionamento. (DOG nº 28, do 08.02.2013).
- Decreto 20/2013, do 24 de xaneiro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. (DOG nº 28, do 08.02.2013).
- Resolución do 4 de febreiro de 2013, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan probas de constatación da competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte en empresas de transporte por estrada. (DOG nº 29, do 11.02.2013).
- Lei 1/2013, do 13 de febreiro, pola que se modifica a Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia. (DOG nº 32, do 14.02.2013).
- Decreto 25/2013, do 14 de febreiro, polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar a María Jesús Lorenzana Somoza. (DOG nº 33, do 15.02.2013).
- Orde do 26 de decembro de 2012 pola que se convocan probas para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais no ano 2013. (DOG nº 34, do 18.02.2013).
- Orde do 11 de febreiro de 2013 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. (DOG nº 36, do 20.02.2013).
- Orde do 14 de febreiro de 2013 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería o curso 2013/14. (DOG nº 36, do 20.02.2013).
- Anuncio do 28 de xaneiro de 2013 polo que se fai pública a resolución pola que se anuncia o prazo de reserva de praza, preinscrición de novo ingreso e matrícula das escolas infantís. (DOG nº 36, do 20.02.2013).
- Resolución do 11 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula o procedemento para a elaboración de listas de formadores colaboradores para impartiren seminarios fóra de Galicia e se abre o prazo para a inscrición de candidatos. (DOG nº 37, do 21.02.2013).
- Resolución do 15 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convoca o programa Reencontros na Terra para residentes no exterior para o exercicio 2013. (DOG nº 37, do 21.02.2013 e corrección de erros no DOG nº 39, do 25.02.2013).
- Resolución do 12 de febreiro de 2013 pola que se modifica a Resolución do 11 de maio de 2012 pola que se convocan para o período 2012/13 as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013. (DOG nº 37, do 21.02.2013).
- Orde do 15 de febreiro de 2013 pola que se aproban as bases e se convocan axudas complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2012/13. (DOG nº 40, do 26.02.2013).
- Resolución do 14 de febreiro de 2013 pola que se declara de interese galego a Fundación Aspace Coruña e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (DOG nº 41, do 27.02.2013).
- Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. (DOG nº 42, do 28.02.2013).

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



NORMATIVA CCAA

Andalucía

- Acuerdo de 12 de febrero de 2013, del Consejo de Gobierno, por el que se modifican los Acuerdos del Consejo de Gobierno, de 6 de septiembre de 2011, por el que se aprueba el Plan de Oportunidades Laborales en Andalucía, y de 26 de julio de 2012, por el que se aprueba el Plan de Choque por el Empleo en Andalucía. (BOJA de 14-02-2013)

Aragón

- Orden de 15 de enero de 2013, del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se determinan las cuantías mínimas de las prestaciones económicas del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia en la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA de 06-02-2013)

- Orden de 6 de febrero de 2013, del Consejero de Hacienda y Administración Pública, por la que se da publicidad al Acuerdo del Gobierno de Aragón, por el que se aprueban los créditos del Fondo para el Fomento del Empleo y la Competitividad. (BOA de 12-02-2013)

- Orden de 4 de diciembre de 2012, del Consejero de Presidencia y Justicia, por la que se dispone la publicación del convenio de colaboración entre el Departamento de Educación, Universidad, Cultura y Deporte y el Instituto Aragonés de Empleo (INAEM), para la realización de acciones vinculadas con el desarrollo del Sistema Integrado de Cualificaciones y Formación Profesional en centros públicos integrados, dependientes del Departamento de Educación, Universidad, Cultura y Deporte. (BOA de 19-02-2013)

- Orden de 4 de diciembre de 2012, del Consejero de Presidencia y Justicia, por la que se dispone la publicación del convenio de colaboración entre el Departamento de Educación, Universidad, Cultura y Deporte y el Instituto Aragonés de Empleo (INAEM), por el que se regulan las relaciones de dichas instituciones para la impartición de certificados de profesionalidad en centros de Educación de Personas Adultas de la Comunidad Autónoma de

Aragón. (BOA de 19-02-2013)

- Orden de 15 de febrero de 2013, del Departamento de Hacienda y Administración Pública, por el que se aprueba el Plan de Empleo motivado por el cierre de un centro de trabajo adscrito al Instituto Aragonés de Servicios Sociales. (BOA de 20-02-2013)

Balears

- Resolución del consejero de Salud, Familia y Bienestar Social de 30 de enero de 2013 por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones destinadas a entidades privadas sin ánimo de lucro en concepto de mantenimiento de centros de día para la atención social especializada a personas con enfermedad mental grave en el ámbito territorial de las Illes Balears entre el 1 de enero de 2012 y el 30 de septiembre de 2013. (BOCAIB de 12-02-2013)

- Resolución del consejero de Salud, Familia y Bienestar Social de 29 de enero de 2013 por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones destinadas a entidades privadas sin ánimo de lucro que hayan desarrollado y desarrollen programas en materia de acción social orientados a proporcionar los medios de prevención, información, atención y ayuda a las personas que los necesiten a causa de sus dificultades de desarrollo en la sociedad entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de agosto de 2013. (BOCAIB de 12-02-2013)

- Resolución del consejero de Educación, Cultura y Universidades y presidente del Servicio de Empleo de las Islas Baleares, de 7 de enero de 2013, por la cual se abre la convocatoria de subvenciones públicas para programas específicos de formación dirigidos a los colectivos vulnerables hacia el mercado laboral y para presentar las solicitudes de ayudas para transporte, manutención y alojamiento, discapacidad y conciliación. (BOCAIB de 14-02-2013)

Cantabria

- Decreto 1/2013, de 7 de febrero, por el que se modifica el Decreto 33/2012, de 26

de junio, por el que se regulan los precios públicos de las prestaciones y servicios del Instituto Cántabro de Servicios Sociales destinados a la atención a personas en situación de dependencia. (BOC de 19-02-2013)

Castilla-La Mancha

- Orden de 25/01/2013, de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales, por la que se convocan las plazas para el Programa de Termalismo de Castilla-La Mancha para el año 2013. (DOCM de 04-02-2013)

- Resolución de 05/02/2013, de la Dirección General de la Familia, Menores y Promoción Social, por la que se convocan las ayudas que se refieren al Ingreso Mínimo de Solidaridad, para el año 2013. (DOCM de 13-02-2013)

- Orden de 12/02/2013, de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales, por la que se establecen las bases reguladoras de subvenciones a entidades privadas, de iniciativa social, para el mantenimiento de centros, servicios y desarrollo de programas destinados a la atención de las personas con discapacidad en Castilla-La Mancha, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2013. (DOCM de 19-02-2013)

- Orden de 11/02/2013, de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales, de modificación de la Orden de 17/08/2012, por la que se establecen las bases reguladoras de las subvenciones para el desarrollo de programas de actividades destinadas a menores afectados por medidas de protección o judiciales, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2012. (DOCM de 20-02-2013)

- Orden de 12/02/2013, de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales, de modificación de la Orden de 16/08/2012, por la que se establecen las bases reguladoras de las subvenciones para el desarrollo de servicios y programas de atención a infancia y familia, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2012. (DOCM de 20-02-2013)

- Resolución de 11/02/2013, de la Dirección

NORMATIVA CCAA

General de Empleo y Juventud, por la que se hace pública la convocatoria para la aprobación de proyectos de actividades de ocio y tiempo libre infantil y juvenil y de actividades de voluntariado en campos de trabajo dentro de la campaña Verano Joven 2013. (DOCM de 21-02-2013)

- Resolución de 19/02/2013, de la Dirección General de la Familia, Menores y Promoción Social, por la que se convocan las ayudas de emergencia social en Castilla-La Mancha, para el año 2013. (DOCM de 25-02-2013)

Castilla y León

- Orden PRE/38/2013, de 31 de enero, por la que se conceden ayudas a Diputaciones Provinciales con cargo al Fondo de Cooperación Local-Pacto Local 2013 del Fondo Complementario para Políticas Sociales. (BOCyL de 01-02-2013)

- Corrección de errores de la Orden FAM/644/2012, de 30 de julio, por la que se regulan las prestaciones del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia en Castilla y León, el cálculo de la capacidad económica y las medidas de apoyo a las personas cuidadoras no profesionales, modificada por la Orden FAM/1133/2012, de 27 de diciembre. (BOCyL de 06-02-2013)

- Orden FAM/50/2013, de 30 de enero, por la que se renueva la acreditación de Centros, Servicios y Establecimientos de Asistencia a Drogodependientes. 13 de febrero de 2013. (BOCyL de 18-02-2013)

- Resolución de 6 de febrero de 2013, del Instituto de la Juventud de Castilla y León, por la que se anuncia el Programa de actividades Red Activa, para el año 2013. (BOCyL de 18-02-2013)

- Resolución de 6 de febrero de 2013, del Instituto de la Juventud de Castilla y León, por la que se convoca el Programa de Actividades Formativas para el año 2013. (BOCyL de 18-02-2013)

- Resolución de 12 de febrero de 2013, del Instituto de la Juventud de Castilla y León, por la que se convoca el Programa «Cursos de Formación Juvenil para la Promoción Artística y Cultural 2013». (BOCyL de 18-02-2013)

- Resolución de 12 de febrero de 2013, del Instituto de la Juventud de Castilla y León, por la que se convoca el Programa «Cursos de Idiomas Verano Joven 2013». (BOCyL de 18-02-2013)

Extremadura

- Orden de 7 de febrero de 2013 por la que se hacen públicos los criterios para la determinación, en la Comunidad Autónoma de Extremadura, de la prestación económica a los beneficiarios que tengan reconocida la condición de persona en situación de dependencia. (DOE de 22-02-2013)

- Decreto 8/2013, de 19 de febrero, por el que se modifica el Decreto 116/2012, de 29 de junio, por el que se establecen las bases reguladoras de las subvenciones destinadas a la conciliación de la vida familiar, personal y laboral de las personas trabajadoras autónomas y empleadores de las personas empleadas de hogar. (DOE de 25-02-2013)

- Decreto 9/2013, de 19 de febrero, por el que se modifica el Decreto 26/2009, de 27 de febrero, por el que se aprueban los Estatutos del Servicio Extremeño Público de Empleo (SEXPE). (DOE de 25-02-2013)

La Rioja

- Resolución número 107, de 22 de enero de 2013, del Consejero de Salud y Servicios Sociales, por la que se actualizan los precios para el ejercicio 2013 por la reserva y ocupación de plazas para personas mayores dependientes severos y grandes dependientes en los Centros Residenciales con concierto vigente con la Comunidad Autónoma de La Rioja. (BOR de 01-02-2013)

Madrid

- Resolución 186/2013, de 24 de enero, de la Dirección General de Coordinación de la Dependencia, por la que se fija para el año 2013 el importe mensual que deben aportar los ocupantes de plazas financiadas parcialmente por la Comunidad de Madrid en residencias para personas mayores. (BOCM de 08-02-2013)

- Acuerdo de 5 de diciembre de 2012, del Consejo de Gobierno, por el que se aprueba

el procedimiento de concesión directa de las ayudas individuales para favorecer la autonomía de mujeres víctimas de violencia de género. (BOCM de 13-02-2013)

Murcia

- Orden de 24 de enero de 2013 de la Consejera de Sanidad y Política Social, por la que se aprueban las bases reguladoras de las subvenciones dirigidas a instituciones sin fin de lucro para el desarrollo de programas destinados a la integración socio-laboral y mejora de la empleabilidad de personas en situación o riesgo de exclusión social o con especiales dificultades. (BORM de 09-02-2013)

- Prórroga para el año 2013 del convenio de colaboración, entre la Comunidad Autónoma de la Región de Murcia, a través de la Consejería de Sanidad, y las Asociaciones Assido-Murcia y Asido-Cartagena, para la mejora de la calidad en la asistencia sanitaria a personas con Síndrome de Down. (BORM de 16-02-2013)

- Prórroga para el año 2013 del convenio de colaboración, entre la Comunidad Autónoma de la Región de Murcia, a través de la Consejería de Sanidad, y las Asociaciones Assido-Murcia y Asido-Cartagena, para la formación práctica de personas con Síndrome de Down. (BORM de 16-02-2013)

Navarra

- Decreto FORAL 9/2013, de 30 de enero, por el que se crea el Consejo Navarro del Trabajo Autónomo y se regulan su composición, organización y funcionamiento. (BON de 15-02-2013)

- Corrección de errores del Decreto Foral 74/2012, de 25 de julio, por el que se aprueban los estatutos de la Agencia Navarra para la Autonomía de las Personas. (BON de 18-02-2013)

- Decreto FORAL 16/2013, de 13 de febrero, por el que se modifican los Estatutos del Instituto Navarro de Deporte y Juventud. (BON de 28-02-2013)

País Vasco

- Resolución de 31 de enero de 2013, del

NORMATIVA CCAA

Secretario General de la Presidencia, por la que se designa a la Directora de Emakunde-Instituto Vasco de la Mujer, como órgano encargado de ejercer las competencias y funciones atribuidas a la persona titular de la Dirección de Víctimas de Violencia de Género. (BOPV de 18-02-2013)

Valencia

- Corrección de errores de la Orden 13/2012, de 28 de diciembre, de la Conselleria de Bienestar Social, por la que se regula y convoca el programa para financiar estancias en centros

de día para personas mayores dependientes en el año 2013. (DOCV de 01-02-2013)

- Corrección de errores del Decreto 188/2012, de 21 de diciembre, del Consell, por el que aprueba el Reglamento Orgánico y Funcional de la Conselleria de Economía, Industria, Turismo y Empleo. (DOCV de 11-02-2013)

- Orden 18/2012, de 28 de diciembre de 2012, de la Conselleria de Bienestar Social, por la que se regulan y convocan ayudas dirigidas al apoyo de la maternidad: «Primeros días», en el ejercicio 2013. (DOCV de 11-02-2013)

- Resolución de 24 de enero de 2013, del director general de Juventud y del Institut Valencià de la Joventut.Generalitat Jove, por la que se hace pública la convocatoria de la Campaña de Tiempo Libre Juvenil en la modalidad de Oferta Concertada para el año 2013. (DOCV de 13-02-2013)

- Resolución de 4 de febrero de 2013, del director general de Juventud y del Institut Valencià de la Joventut.Generalitat Jove, por la que se convoca la Campaña de Campos de Trabajo Voluntario Juvenil para 2013. (DOCV de 18-02-2013).

BOE

- Resolución de 28 de enero de 2013, de la Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdad, por la que se crea la Comisión para el Diálogo Civil con la Plataforma del Tercer Sector. (BOE nº 28, do 01.02.2013).

- Resolución de 30 de enero de 2013, del Congreso de los Diputados, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Real Decreto-ley 29/2012, de 28 de diciembre, de mejora de gestión y protección social en el Sistema Especial para Empleados de Hogar y otras medidas de carácter económico y social. (BOE nº 31, do 05.02.2013).

- Orden AAA/2942/2012, de 28 de diciembre, por la que se convocan para el ejercicio 2013, las ayudas destinadas al fomento de la integración cooperativa de ámbito estatal. (BOE nº 31, do 05.02.2013).

- Resolución de 21 de enero de 2013, del Instituto de la Juventud, por la que se modifica la de 5 de diciembre de 2012, por la que se establece la convocatoria para la concesión de ayudas para la realización de actividades financiadas por la Comisión Europea en el marco del programa de acción comunitario "La Juventud en acción". (BOE nº 33, do 07.02.2013).

- Orden ESS/187/2013, de 11 de febrero, por la que se establecen para el año 2013 las bases de cotización a la Seguridad Social de los

trabajadores del Régimen Especial del Mar incluidos en los grupos segundo y tercero. (BOE nº 38, do 13.02.2013).

- Resolución de 13 de febrero de 2013, del Servicio Público de Empleo Estatal, por la que se determina la forma y plazos de presentación de solicitudes y de tramitación de las ayudas económicas de acompañamiento incluidas en el programa de recualificación profesional de las personas que agoten su protección por desempleo prorrogado por el Real Decreto-ley 1/2013, de 25 de enero. (BOE nº 40, do 15.02.2013).

- Resolución de 4 de febrero de 2013, de la Subsecretaría, por la que se aprueba la Carta de servicios del Centro Eurolatinoamericano de la Juventud. (BOE nº 43, do 19.02.2013).

- Resolución de 14 de febrero de 2013, del Congreso de los Diputados, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Real Decreto-ley 1/2013, de 25 de enero, por el que se prorroga el programa

de recualificación profesional de las personas que agoten su protección por desempleo y se adoptan otras medidas urgentes para el empleo y la protección social de las personas desempleadas. (BOE nº 45, do 21.02.2013).

- Corrección de errores de la Orden ESS/66/2013, de 28 de enero, por la que se actualizan las cantidades a tanto alzado de las indemnizaciones por lesiones, mutilaciones y deformidades de carácter definitivo y no invalidantes. (BOE nº 46, do 22.02.2013).

- Real Decreto-ley 3/2013, de 22 de febrero, por el que se modifica el régimen de las tasas en el ámbito de la Administración de Justicia y el sistema de asistencia jurídica gratuita. (BOE nº 47, do 23.02.2013 e corrección de erros no BOE nº 51 do 28.02.2013).

- Real Decreto-ley 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo. (BOE nº 47, do 23.02.2013 e corrección de erros no BOE nº 51 do 28.02.2013).



<http://www.boe.es/>

BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

AÑO CCCLIII

Beatriz Mato presidiu a toma de posesión da secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar



Santiago, 18 de febreiro de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a toma de posesión da secretaria xeral técnica deste departamento autonómico, María Jesús Lorenzana. O acto tivo lugar na sala de xuntas da Consellería de Traballo e Benestar.

Estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar

Santiago, 6 de marzo de 2013.- O Diario Oficial de Galicia publica a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

► Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 46, do 6.03.2013).

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 2013

Na conmemoración do Día internacional das mulleres, nun difícil contexto económico e social como o actual, todo o Goberno galego debemos continuar traballando pola igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

O reto é construír un modelo social máis igualitario, compartindo espazos de responsabilidades en pé de igualdade.

As mulleres supoñen a metade do capital humano da nosa sociedade, pero o seu acceso aos recursos segue a ser desigual con respecto aos homes; por esta razón, no século XXI un obxectivo fundamental debe ser aproveitar de xeito eficiente todos os recursos e talentos dispoñíbles, nomeadamente os femininos, xa que ningún país pode desbotar esa fonte de coñecemento e produtividade.

Deste xeito os poderes públicos debemos ter como prioridade avanzar na igualdade de oportunidades e progresar na configuración

dunha sociedade máis equilibrada e solidaria. Día a día xorden novos retos, novos desafíos, novas metas que se van descubrindo acordos cos obxectivos de máximos na procura dunha maior presenza feminina, cuantitativa e cualitativa, en todos os ámbitos sociais e profesionais.

En definitiva, é necesario continuar traballando para lograr acadar os retos que aínda persisten, como é o acceso e o mantemento das mulleres, en condicións de igualdade, ao mercado laboral e tamén aos postos de maior cualificación e retribución.

Por todo isto o Goberno galego, coa aprobación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes, reafirma o seu compromiso inequívoco coa superación das barreiras de xénero e co exercicio dos dereitos sociais, políticos, económicos e culturais nun contexto de verdadeira igualdade.

<http://igualdade.xunta.es/gl/content/campana-8-de-marzo-de-2013-dia-internacional-da-muller>

